

Review

ACUÑA, Ana (ed.)

Berlin: Frank & Timme. 2014.

230 pp.

ISBN 978-3-7329-0095-4

*Letras nómades.
Experiencias da
mobilidade feminina
na literatura galega*

Maria Boguszewicz
Universidade de Varsovia

O século XXI será o século das migracións, como constata no seu libro *The Figure of the Migrants* Thomas Nail. Dada a crise humanitaria que afectou nos últimos anos a Europa coa vaga dos exiliados sirios, así como a crise económica que obrigou a miles de persoas a abandonar o seu lugar de residencia en busca de traballo, esta observación parece unha evidencia. Porén, Nail entende a migración dun xeito máis extenso e chega a afirmar que nalgún sentido todos somos emigrantes. Refírese Nail á mobilidade propia do noso tempo e coa que se relaciona inevitablemente o sentimento da perda.

O libro editado por Ana Acuña *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega* insiste precisamente no proceso de 'experimentar' nun enfoque que poderíamos cualificar, aínda que non sen vacilación, de participe do xiro afectivo que atravesan intensamente as humanidades e especialmente os estudos literarios e culturais das últimas décadas. Como expón Jo Labanyi na súa espléndida conferencia pronunciada no CCCB o 15 de marzo de 2016, o afecto, a diferenza da emoción, vén ser o modo de relacionarnos co mundo exterior. A teoría do afecto fai entón un especial fincapé na dimensión colectiva dos fenómenos culturais. A literatura, ou outras artes, constitúen unha expresión individual en conexión coa comunidade pero tamén en relación co mundo como tal, orgánico e non orgánico. Esta perspectiva posthumana inclúe non só os elementos da paisaxe senón tamén as tecnoloxicamente mediadas extensións dos individuos formando o que Rosi Braidotti chama 'nomadic eco-philosophy'.

Esta experiencia e a súa expresión é pois moi variada no libro de Acuña. Desde os documentos históricos (Aurora Marco), pasando polas cartas familiares e a mediación da postmemoria (Olivia Rodríguez), discurso autobiográfico ou oral (Carmen Mejía), fotografía (Manuela Palacios) e terminando na literatura (María Xesús Nogueira, Ana Acuña, Carmen Mejía). As investigadoras céntranse no modo de expresar a mobilidade que, á súa vez, tamén é entendida de forma híbrida. Trátase tanto de testemuñas de exilio como de migración, de mobilidade permanente ou temporal, de viaxe por pracer e de traxectorias cotiás... O espazo tórnase algo máis que unhas

ACUÑA, Ana (ed.)
*Letras nómades. Experiencias
da mobilidade feminina na
literatura galega*
Maria Boguszewicz

simples coordenadas cartográficas. De acordo con Linda McDowell (*Género, identidad y lugar*), o espazo é fluído e defínese polas prácticas socioculturais. A estas prácticas, precisamente, remiten as *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*.

O primeiro capítulo, 'Una aproximación a las memorias' de Josefina Cuesta, aporta ao libro o seu marco teórico. No centro de atención da autora está a noción da memoria e as diversas formas de definila e entendela. As alusións ao fenómeno migratorio en si son ben escasas na súa argumentación. Non sen razón. Como xa constatamos nesta recensión, o concepto da mobilidade é enfocado de xeito multidimensional mentres que a idea da memoria atravesa todos os estudos presentados no libro. Ana Ruiz Sánchez, no artigo titulado 'Desterritorialización y literatura. Literaturas de exilio y migración en la era de la globalización', pregunta que pode aportar a literatura, que non poidan achegar outras fontes, sobre a experiencia migratoria. A resposta, non única pero diferenciadora, como di a autora, é a experiencia da memoria, expresada en forma estética.

A este marco metodolóxico ségueno seis capítulos que afondan desde varios ángulos na 'experiencia da memoria'.

Aurora Marco conta tres historias protagonizadas por tres mulleres que formaron parte da guerrilla antifranquista. A reconstrución da memoria individual das tres guerrilleiras que foron obxecto, é necesario repetilo ata a saciedade, do dobre silenciamento, sérvelle á autora para deconstruír o mito da guerrilleira-amante ou simple bandoleira. A voz de Aurora Marco, unha vez máis, érguese contra a historia masculinizada de Galicia.

Olivia Rodríguez describe os pormenores de como chegou a coñecer as impresionantes cartas de José Mejuto Bernárdez e cal foi o proceso da súa publicación. As cartas que case milagrosamente apareceron no seu camiño son un documento excepcional. Ademais de presentar un testemuño máis da tremenda represión franquista desenvolvida durante a Guerra Civil, constitúen unha sorprendente mostra do talento literario inusual nun obreiro republicano. Aínda que a autora, por mor do espazo, non puido citar amplamente a Mejuto, os seus dotes artísticos pódense apreciar no libro editado por Olivia Rodríguez *Cartas de un condenado a muerte*. No capítulo do libro *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, a investigadora céntrase máis nas figuras femininas de tres xeracións que sufriron as nefastas consecuencias do crime do que foi obxecto José Mejuto. Sería daquela un clásico exemplo das vítimas tácitas, indirectas e, coma non, silenciadas que abondaban tanto na Galicia franquista segundo o estudo de María Victoria Martins Rodríguez 'Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo'.

Carmen Mejía, no capítulo titulado 'Mulleres galegas fóra de Galicia: exilios, emigración e "insilio"' ofrece unha ampla 'xeografía de vivencias' (115) de María Victoria Villaverde (exilio político), Constanza Tobío Soler (exilio herdado, como o chama Mejía), Luz Pichel (aquí entra a categoría do "insilio", que a autora define tras Edmundo Garrido como o exilio interior) e Verónica Martínez Delgado (emigración). Menciono aquí tan detalladamente os catro compoñentes do texto de Mejía pola súa extrema variedade. Ademais de falar de varios tipos de mobilidade, incluso a mobilidade inmóbil como sería o caso do 'insilio', a investigadora reúne nun só capítulo a varias xeracións de mulleres (as datas de nacemento compréndense entre 1922 e 1976) que pertencen a mundos diferentes e ademais non expresan as súas memorias de igual xeito (o discurso escrito autobiográfico, a entrevista, a poesía). O texto cataloga todas estas perspectivas cunha

ACUÑA, Ana (ed.)
Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega
Maria Boguszewicz

minuciosidade impresionante, dando como efecto un catálogo de 'experiencias da memoria'.

O capítulo aportado por Manuela Palacios baséase nun método novidoso que consiste en xuxtapor as artes visuais coas escritas, ou sexa, quizais resulta máis apropiado dicir que conecta a memoria visual coa oral. As escritoras e os escritores galegos escollidos falan sobre as fotos das mulleres viaxeiras coas que teñen algunha relación familiar na maioría dos casos. O resultado é moi interesante xa que a imaxe forma parte da historia contada constituíndo un todo moi emocional e suxestivo. Se ben a análise podería ser máis exhaustiva, a gran variedade dos testemuños e a súa moi diversa índole seguramente dificulta tal análise dado o tamaño do texto. De todos os xeitos, este capítulo proporciona un conxunto valioso das memorias creativas sobre a experiencia da viaxe.

María Xesús Nogueira no seu capítulo tamén recorre á colaboración coas escritoras pero neste caso a parte analítica está máis desenvolvida. O obxectivo da análise é establecer a relación entre a experiencia da viaxe da escritora e a súa creación literaria. Nogueira presenta as reflexións sobre a viaxe e a súa relación co proceso creativo aportadas por nove artistas. Aínda que as conclusións son un tanto breves, a argumentación é sólida e convincente, polo cal o texto pode ser considerado como unha achega importante sobre a perspectiva da mobilidade na literatura.

Por último, o capítulo escrito por Ana Acuña, impecable desde o punto de vista metodolóxico, céntrase nas 'escritoras alófonas', como as chama a autora de acordo coa terminoloxía implantada por Xesús Alonso Montero hai vinte anos. O enfoque e a escolla das escritoras a analizar parecen moi axeitados. Pola iniciativa do xa mencionado Alonso Montero, estudouse en 1993 a literatura galega 'desterritorializada' (segundo a terminoloxía máis amplamente adoptada). Ana Acuña propúxose reemprender esta iniciativa e dirixiuse a dúas das escritoras daquela estudadas: Úrsula Heinze e María Fernanda Santiago Bolaños. Grazas ás entrevistas que realizou a investigadora temos a oportunidade de revisar a experiencia 'nómade' como un proceso que nunca acaba.

Desde hai unhas décadas, o tema do exilio ou migración económica na literatura empezou a atraer o interese dos investigadores. Desde aquel tempo os estudos sobre a emigración nas artes desenvolvéronse considerablemente e as cuestións que preocupan aos estudosos van máis alá da simple recuperación da literatura do exilio. As intensas pesquisas sobre a mobilidade e a súa conexión coa identidade levadas a cabo especialmente nos últimos anos no seo dos estudos galegos fixeron que unha contribución novidosa nesta materia sexa un desafío para os investigadores. Xosé Manoel Núñez Seixas, Kirsty Hooper e moitos máis dedicáronse ao estudo da mobilidade no contexto galego desde varias perspectivas. No que á construción identitaria do exilio, a figura da viúva de vivo e a migración feminina na literatura galega se refire, non podo deixar de mencionar a Ana Garrido González que, desde hai varios anos, fai un labor fantástico cos textos dalgúns exiliados e con *Adiós María*, de Xohana Torres, e outras escritoras que tratan nos seus libros as emigracións económicas galegas dos anos 60 do século xx.

Neste panorama, como xa se sinalou, non é doado aportar unha perspectiva innovadora. *Letras nómades. Experiencias da mobilidade feminina na literatura galega*, editadas por Ana Acuña, certamente adoptan un enfoque orixinal que permite chegar a resultados inesperados. Trátase dunha obra híbrida, por elección, que se propón enriquecer o panorama dos estudos

ACUÑA, Ana (ed.)
*Letras nómades. Experiencias
da mobilidade feminina na
literatura galega*
Maria Boguszewicz

da migración galega cunha mirada ecléctica, suxestiva e, ao mesmo tempo, conectada coas correntes máis actuais das humanidades. Se ben botamos en falta unha maior cohesión entre os capítulos e, ás veces, un maior rigor científico, intuimos que non era este o propósito das autoras do volume. O libro, visto na súa totalidade, harmoniza perfectamente coa estrutura mosaica de varios dos seus capítulos e pode constituír un perfecto punto de partida para estudos máis específicos sobre a experiencia da mobilidade na literatura galega.